

Para máis información cultural, estaríamos encantados de facilitarlla e abondar sobre ela en:

- **Amigos dos Museos de Galicia:** Telf.: 981 210101

(Portas Ártabras, Sinagoga 22, A Coruña.)

Sobre infraestrutura no noso axente de viaxes:

- **CIBERVIAXES:** Telf.: 981 216600

(Federico Tapia , 41- baixo, A Coruña)



ENTRUDO CHOCALHEIRO

Património Cultural Imaterial da Humanidade
Macedo de Cavaleiros | Portugal



CIBERVIAXES

OS MÁIS ENXEBRES ENTROIDOS: OURENSANO E TRASMONTANO

XEIRA DO 23 AO 26 DE FEBREIRO DE 2020



UNHA VIAXE PARA ADENTRARSE NAS TRADIÇÕES DO ENTROIDO

Xeira intensamente cultural para penetrar nas esencia máis enxebres dunha festa ancestral en relación co inicio da primavera, o Entroido, e nada mellor que escoller as terras do sur ourensán (O Triangulo Máxico do Entroido) e a súas veciñas transmontanas lusas.

Oportunidade para vivir integralmente e na máis pura esencia da tradición galaico-portuguesa do Entroido. Terras situadas no vértice entre “as tres Galicia”, Asturicense, Lucense e Bracarense. Precisamente con sona na etnografía internacional pola singularidade das súas festas de Entroido, os “caretos”, os rituais fecundativos, a queima etc. Manifestacións nas que abundan ancestrais tradicións prehistóricas, castrexas, romanas, así como aportes medievais e aínda das “Américas”, charras, charrúas.... Itinerario e experiencias que serán explicadas, coñecendo tamén os museos dedicados a singularísimas máscaras. Terra tamén na historia dos fuxidos en épocas de guerra...aspectos que sumaremos ás explicacións.

Entroidos nos que atoparemos herdos da prehistoria, paganismo erótico da romanización, así como interferencias do medievo e da mesma contemporaneidade. Entroidos propostos á UNESCO como Patrimonio da Humanidade.

23 FEBREIRO: DOMINGO DE ENTROIDO : VIANA DO BOLO, SANABRIA

Saída o domingo de Entroido ás 8 da mañá dos lugares de costume na Coruña. Seguindo o Sil cara a Quiroga, a Rúa e terras do Bolo, co Santuario das Hermidas. En Viana do Bolo verase o tradicional desfile de foliós, boteiros, peliqueiros, máscaras das serras de Manzaneda e do Padornelo... Finalizado este dirixirémonos a Sanabria, con xantar enxebre. De seguida visitaremos o seu conxunto histórico e entorno desta cidade zamorán, para de seguido e na noite chegar á Braganza, cidade onde faremos base para os demais días.

24 FEBREIRO: LUNS DE ENTROIDO: PODOENCE, SANTULLAO

Braganza , antiga "Brigantia" que garda fondas esencia culturais, históricas e etnográficas moi en relación con Galicia, faise imprescindible coñecela a fin

de enxergar parte da nosa mesma Historia: o Castelo da famosa Casa de Braganca, a "*Domus Municipalis*", o Museo Abate de Baçal, Igrexas, o Museo da Máscara Ibérica... Paseo polas aldeas de Vinhais, Podence, Mazedo de Cabaleiros, Santulhao, Vimioso, ... onde teremos o máis enxebre xantar propio da Terra e do Tempo. Comarca dun celebrado Entroido, carecterizado, tanto polo seu ritual como polos caretos, as músicas, sermóns, cánticos.. a queima do ídolo do Entrudo.

Na noite assistiremos á sentenza, xulgamento e condena do Entrudo en procesión pola praza da aldea de Santulhao

25 FEBREIRO: MARTES DE ENTROIDO: DENDE MIRANDA DO DOURO Á QUEIMA DO ENTRUDO EN PODOENCE

Repaso histórico da cidade de Bragança e do seu entorno, alongándonos cara terras de gran significación arqueolóxica e histórica de Mirandela e do Douro. Onde teremos xantar enxebre en lugar apropiado. Pasando por aldeas

Ao anoitecer assistiremos á Queima do Entrudo en Podence...

26 DE FEBREIRO: MÉRCORES DE CINZA EN TERRAS DE CHAVES, MONTERREI E DESPEDIDA E QUEIMA DO MECO E DA SARDIÑA NA LIMIA

Retorno por Vinhais, cara Chaves, onde teremos un xantar propio da despedida do Entroido e de entrada na Coresma, pra pasar polo castelo de Monterrei e facer parada nun Xinzo de Limia en plena despedida do Entroido co Enterro da Sardiña.

Retorno á Coruña sobre as 22 horas.

NOTA SOBRE O TEMPO: Viaxe adaptable ás circunstancias do tempo e polo mesmo itinerario, vivindo igualmente o Entroido e o patrimonio cultural dende lugares de acollida.